Sobre o Dictame do Consello de Estado á LOMCE.

É un documento moi crítico co Anteproxecto, ao que plantexa importantes cuestións de forma, de fondo e de legalidade.

Algunhas delas son:

--Insuficiencia da valoración económica aportada polo ministerio. Solicítase que inclúa unha Disposición que recolla a Memoria Económica.

--Critica a falta de estabilidade lexislativa. Considera desexable un acordo xeral das forzas políticas e sociais que dea estabilidade ao sistema.

--Hai un certo cuestionamento aos itinerarios, pois establece argumentacións de estudos e sistemas educativos contrarios á segregación temperá do alumnado.

--Non se deduce con claridade o criterio definidor da distribución entre materias troncais e específicas.

--Non comparte que haxa materias cuxa oferta non sexa obligatoria, e que deberían darse en condicións de igualdade en todo o territorio do Estado.

--Non comparte a desaparición de estudos éticos e, específicamente, de Educación para a Cidadanía.

--Pide recuperar no Anteproxecto as porcentaxes competenciais para as CCAA (55% ou 65%).

--Recomenda que se manteña como optativa obrigatoria para a súa oferta a Educación Artística. É a mesma posición que se adopta para moitas outras optativas en todas as etapas educativas.

--Considera que existe confusión entre currículo e competencias.

--Non comparte o reparto proposto das competencias en educación entre o Goberno e as CCAA.

--Considera que non é suficiente a autonomía dada aos centros a nivel curricular.

--Non comparte o tratamento menor da Educación Artística na Educación Primaria.

--Considera que a primeira avaliación non debe ser en segundo curso de Educación Primaria, sendo mellor en terceiro que no curso anterior.

--Estima necesario que a Educación Primaria sexa configurada con –polo menos- dous ciclos de tres cursos cada un. Rexeita probas de avaliación anuais en Educación Primaria, así como que estean desreguladas en cursos distintos en función de cada CCAA.

--Cuestiona que non se aclare quen executarán as reválidas, debendo figurar expresamente na Lei que serán realizadas sempre por funcionarios públicos, nunca por persoas contratadas ao efecto e menos aínda por empresas privadas.

--Suxire que o acceso ao exame final de 4º non sexa posible con materias suspensas.

--Non atopa xustificado o desdobramento do Bacharelato en Humanidades/Ciencias Sociais.

--Critica a utilidade das certificacións obtidas por non superar as avaliacións conducentes á titulación.

--Pensa que é mala a configuración do contido das reválidas.

--É favorable a manter a PAU, non a probas específicas nas Universidades.

--Pensa que a Formación Profesional Básica non pode ser ensinanza obligatoria, aínda que tal vez sí no primeiro curso.

--Pregunta, unha vez aprobada a ESO pola vía de ensinanzas aplicadas sen ter 17 anos, ¿qué fai o alumnado mentres cumpre esa idade?

--Non se explica que non se manteña o acceso aos 18 anos mediante proba de acceso aos CFGS.

--Cuestiona que os técnicos profesionais teñan que pasar unha reválida para acceder ao Bacharelato no que se enfronten a materias troncais sen telas cursado, e pregunta cal son.

--Avisa de que promover a calidade do sistema non pode ir contra a equidade (especialización curricular, excelencia, mellora de rendemento).

--Considera que ao pedir a conta dun 20% do expediente académico para a especialización curricular, débese modular para garantir sempre a equidade e a cohesión do sistema.

--Expón que a regulación da educación diferenciada debe ser xustificada de forma obxectiva e razonable, cun programa e medidas académicas a implementar para favorecer a igualdade, destacando a importancia da educación mixta, engadindo que a igualdade de xénero é constitutiva de Democracia.

--Non comparte que os Consellos Escolares deixen de ser órganos de goberno ao pasar a atribución de competencias a un órgano unipersoal, polo que pensa que a autonomía se limita e o control é exercido por axentes e órganos externos ao centro, incrementando a dependencia doutras instancias.

--Non respalda a presunción de veracidade dos docentes pero sí o valor probatorio dos feitos contrastados, sen perxuízo de probas en defensa.

--Pode potenciarse a dirección do centro, pero débese manter a decisión ou co-decisión da Comunidade Educativa-Consello Escolar-Claustro, e o dereito a participar na xestión e control.

--Manter o criterio de antigüidade no centro para ser director do mesmo: coñecerá a súa realidade.

--Non comparte que se reduza a presenza da Comunidade Educativa na selección do director, porque contradí a autonomía do centro.

--Non a eliminar a preferencia do profesorado do centro para ser director do mesmo.

--Rexeita a desaparición da mención expresa sobre que a selección do director decidirase democráticamente pola Comisión.

--Lembra que as avaliacións deberán facerse por criterios obxectivos.

--Estima que o novo estatus da relixión supón un retroceso respecto da situación actual.

--Non comparte que a denominación da alternativa sexa “valores culturais e sociais”, senon que estiman mellor “valores éticos e sociais”.

--Considera que o alumnado que opte pola relixión estará discriminado ao non cursar valores éticos e sociais durante todo o seu periplo educativo, valores que considera imprescindibles.

--Pensa que todos os modelos das CCAA para as linguas cooficiais son válidos; o Estado non pode frustrar a elección de modelo das CCAA.

--Esgrime que a obriga do castelán mediante a financiación de centros privados non é posible, xa que debe facerse na rede pública.

--Afirma que non se coñecen as bases de desenvolvemento da educación plurilingüe, preguntando a que se refire o anteproyecto neste apartado.

--Considera que sobre as TICs é necesaria a planificación da dotación das infraestructuras tecnolóxicas, do impacto económico e dun plan de formación de profesores e alumnos, así como a realización dun plan ambicioso e concreto con implicación de todas as CCAA.

--Estima necesario reconsiderar o prazo de implantación, para que sexa gradual.

29 de abril de 2013.